

POSIBILIDADES DO USO DO ORDENADOR COMO RECURSO OU APOIO NA APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA

Elisa Teresa Zamora Rodríguez

Facultade de CC. da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

Hoxe en día a nosa sociedade e cultura está inmersa na Era das Novas Tecnoloxías; estas poden definirse como medios electrónicos que almacenan, crean, recuperan e transmiten a información velozmente e en cantidades moi grandes; inclúen o uso de ordenadores, microelectrónica e telecomunicacións como instrumentos de produción, procesamento, almacenamento, obtención e distribución da información. Esta nova realidade social e cultural afecta dalgún xeito á lingua galega; esta non se sente allea ó emprego do ordenador como recurso facilitador da aprendizaxe da lingua dos nosos alumnos; de aí o tema e contido desta comunicación.

O papel que o ordenador está a desempeñar na nosa sociedade, e en concreto, nos nosos centros educativos e a súa crecente utilización tanto por profesionais da educación como dos mesmos alumnos, fai que nos decatemos das posibilidades, usos e utilidades que o ordenador pode aportar á aprendizaxe da lingua galega. Este, é quizais, de tódolos medios que na última década se asomaron á escola, o que máis interese espertou gracias á versatilidade que ten, a interactividade que permite, e o interese social que esperta. O ordenador non deixa de ser un instrumento ou recurso didáctico que pode axudar ó profesor de lingua na aula, ós alumnos, e que pode complementar outros recursos didácticos como o retroproector, o libro de texto... O que se pretende, en xeral, é a introducción do ordenador no currículo; como un medio útil de ensino que pode ser empregado como recurso didáctico e como instrumento pedagóxico para a aprendizaxe e a comunicación.

Este traballo tenta analiza-lo uso e papel do ordenador no ensino da nosa lingua, sabendo ou dando por sentado que a introducción del en tódolos niveis do ensino orixina un considerable número de problemas; tanto pedagóxicos, económicos, como sociais. Aínda que é ben certo que as necesidades da sociedade e o progreso da tecnoloxía están a forzar un rápido cambio nos estilos e métodos de educación que a escola aplica.

As aplicacións ou posibilidades que o ordenador pode ter na aprendizaxe da lingua galega son bastante diversas. Estas van desde o Ensino Asistido por Ordenador, ata as Bases

de Datos, pasando pola Tecnoloxía Multimedia, as Redes Telemáticas... En consonancia con todo isto presentamos a continuación algunhas das utilidades que presentan para a aprendizaxe da nosa lingua algúns dos usos ou aplicacións do ordenador; sinalando que se ben non están todas, si pensamos que están as máis representativas; por seren os usos que hoxe en día están a ocupa-los primeiros postos; pola súa crecente utilización e os seus bos resultados no contorno educativo.

O ENSINO ASISTIDO POR ORDENADOR (E.A.O.)

Neste apartado cabe falar do **Ensino de Linguas Asistido por Ordenador (E.L.A.O.)** por ser este a modalidade máis usada cando se fala de ensino de linguas utilizando como principios as características do ensino asistido por ordenador. As últimas investigacións neste tipo de software indican que este favorece tanto ó alumno que aprende como ó mestre que ensina.

A maior parte do material didáctico desenvolvido por este tipo de programas corresponde ó ensino do inglés e do francés, pero tamén hai cursos de ensino de linguas asistido por ordenador noutras linguas. En España neste últimos anos estanse a desenvolver programas deste tipo para o ensino das distintas linguas vernáculas, entre as que está a lingua galega. Este tipo de ensino da lingua presenta unha serie de características, entre as que cabe salienta-las seguintes:

- Posibilita unha aprendizaxe individual, adaptada ó ritmo persoal do alumno.
- Permite a práctica mediante gran cantidade de exercicios das destrezas adquiridas, sen a necesidade de contar coa presenza do mestre.
- Favorece a interacción entre o alumno e o programa e tamén un “feedback” correctivo de avance.

O seu emprego ou uso dentro da aprendizaxe da lingua pode ter diferentes tipos de intencionalidade. Pode usarse para presentar nova información, habilidades, conceptos, vocabulario ós alumnos, e tamén para que estes practiquen as aprendizaxes que previamente xa lles foron ensinadas (exercicios repetitivos de gramática, fonética, léxico...).

As Bases de Datos

Estas permiten tanto ó profesor como ós alumnos ter almacenada gran cantidade de información nun soporte accesible por ordenador. Esta información pode ser moi variada; podendo incluír textos, documentos (contos, relatos), vocabulario, gráficos, gramática...

As bases de datos poden ofrecer dous tipos de actividades didácticas que son, por un lado a consulta e uso de bases de datos xa existentes; e por outro, a creación de pequenas bases de datos. A través do primeiro tipo de actividade pode realizarse tanto un proceso de busca, consulta, como análise de fontes sobre calquera campo da lingua (gramática, historia

da lingua, fonética, léxico...); e deste xeito pór en xogo tódalas habilidades involucradas nas técnicas de estudo como son, entre outras, a lectura comprensiva e crítica, a escritura precisa e exacta, o resumo, a contextualización, o uso de dicionarios, as palabras clave, a asignación de descritores temáticos. Pero ó mesmo tempo que se busca información, tamén cabe o segundo tipo de actividade, é dicir, que os usuarios creen outras bases de datos, ou amplíen e modifiquen as xa existentes.

A Tecnoloxía Multimedia

As aplicacións multimedia son os produtos educativos máis eficaces neste momento, pola integración de diferentes tipos de elementos ou medios, como son: os elementos icónico-estáticos, icónico-cinéticos, verbais, orais, escritos e pola capacidade de interacción alumno-ordenador.

Gayeski (1992, p. 10) define a tecnoloxía multimedia como “unha clasificación de programas de software que consisten en redes de texto, gráficos, arquivos... a través dos cales os usuarios poden navegar usando iconos ou estratexias de busca”. Un documento multimedia é por tanto un documento-hipertexto que inclúe gráficos, son de fala, música ou segmentos de vídeo. Todas estas posibilidades que presenta fan que pensemos neste uso como un dos máis innovadores para a aprendizaxe da lingua galega. Indicando que se ben é certo que este non solucionará tódolos problemas educativos, non debemos esquecer que o seu forte potencial interactivo aporta grandes posibilidades para atender á diversidade de alumnos e formas de aprender.

A modo de exemplo, presentamos a continuación algunhas das posibilidades que ten ou posúe de cara á aprendizaxe da nosa lingua:

- Permite ós alumnos organizar e manexa-la información multimedia (textos escritos, imaxes, sons...) de forma flexible para dar resposta ás súas necesidades.
- Facilita o tratamento de informacións relacionadas. (Park 1991).
- Os alumnos (guiados polo mestre) poden seleccionar e estudar só os contidos que desexen e organiza-las sesións de traballo segundo as súas capacidades cognitivas e ritmos de aprendizaxe.
- Permite almacenar varios tipos e niveis de coñecemento en diferentes nodos, conectalos de xeito diferente, e a posibilidade de establecer ligaduras entre eles. Por exemplo, podemos establecer conexións automáticas e implícitas entre un dicionario e calquera texto.

Todas estas posibilidades anteriormente sinaladas permítenos pensar na utilidade que representaría para a aprendizaxe do galego a creación de programas interactivos en soporte CD-ROM que terían por obxectivo principal a aprendizaxe desta lingua e tamén da cultura, historia, xeografía de Galicia. Os seus contidos comprenderían unha ampla base de datos onde aparecerían: músicas, textos, vocabulario, gramática, documentación sobre persoas, xeografía, contexto histórico-cultural, exercicios de autoaprendizaxe e autoavaliación...

As Redes Telemáticas

Estes últimos anos caracterizáronse pola xeneralización deste tipo de redes; pensemos, por exemplo, no avance da Internet, exemplo de conxunto de miles de redes dispersas de ámbito mundial, na que está presente, entre outras linguas, a galega. O emprego das redes telemáticas supón un salto cualitativo nas posibilidades de comunicación e transmisión da nosa lingua a través deste novo canal de comunicación que supera as barreiras nacionais. Este tipo de uso permite a comunicación entre educadores, alumnos, investigadores e todos aqueles interesados en compartir experiencias, buscar información, suscitar debates..., fomentando o traballo en equipo. Os recursos que podemos atopar nas redes ofrecen un campo de actuación que pode enriquece-las experiencias de aprendizaxe, xa sexan utilizadas como fonte de recursos por parte dos profesores, xa como escenario de acceso á información e intercambio de experiencias dos nosos propios alumnos, ademais de ofrecer a posibilidade de ampliar os horizontes comunicativos de profesores e alumnos.

Existen unha serie de aplicacións significativas da telemática na educación, que podemos transferir ó ensino da lingua galega. Algunhas destas son: o correo electrónico ou mensaxería, o teledebate ou teleconferencia, a clase virtual ou aula virtual.

O correo electrónico ou mensaxería

Este tipo de aplicación permite intercambiar mensaxes que poden incluír datos textuais, numéricos, gráficos... As súas vantaxes pedagóxicas son variadas, destacando a dimensión “real” que se lles dá a moitos dos traballos dos alumnos ó ofrecerlles unha audiencia externa interesada e a posibilidade de constata-lo que outros pensan de forma distinta. Un exemplo de práctica frecuente na área de linguaxe é a confección colectiva de relatos.

O teledebate ou teleconferencia

É un sistema de mensaxería que permite o intercambio de mensaxes simultáneas entre dúas ou máis persoas. Pode tomarse como unha alternativa ás discusións reais que teñen lugar na sociedade. As posibilidades deste tipo de uso no ensino da lingua son variadas, pois permiten intercambiar entre os usuarios (docentes, alumnos) todo tipo de información relacionada co campo da lingua; facilitan a elaboración de libros feitos por persoas de diferentes centros, relatos, historias, debates, charlas...

A clase virtual ou aula virtual

Nela o acto da aprendizaxe ten lugar nun marco moito máis amplo que na clase real, xa que na mesma poden participar profesores e alumnos de diversos centros sobre temas relacionados con diferentes ámbitos da lingua: gramática, fonética, fonoloxía.

Como vemos, o emprego do ordenador como apoio para a aprendizaxe da nosa lingua na aula supón unha axuda para o mestre e un beneficio para o estudante. O ordenador fai que o suxeito se implique máis no estudo, pois busca a resposta correcta e si se equivoca obtén de seguida a explicación de porqué. Con isto o estudante vólvese máis activo, sên-

tese máis motivado. Tamén a súa aprendizaxe se incrementa, faise máis efectiva. Ademais o mestre pode atender individualmente a cada estudante e dar resposta ás súas necesidades e motivacións.

Co apoio que lle ofrece o ordenador ó docente, este poderá impartir-las súas clases adiantando máis nas explicacións, face-la materia máis áxil, ampliar e profundizar temas..., quedando liberado de repetir unha e mil veces as mesmas cousas; podendo servirse do ordenador para facer fincapé naquelas cuestións que resulten máis confusas ós estudantes. Ademais de propiciar nestes últimos o sentimento de competencia e responsabilidade. En xeral, podemos dicir que o ordenador resulta un bo recurso didáctico para a aprendizaxe da lingua, xa que a través del se satisfán as necesidades dos alumnos, dos mestres e dos obxectivos didácticos, aínda que hai que ter presente que se necesita unha boa preparación, dedicación e experimentación para alcanza-las vantaxes que nos ofrece o ordenador. Todo profesor de lingua que desexe utiliza-lo ordenador na súa aula terá que realizar un gran traballo antes de poñelo en práctica. Os profesores deben reflexionar sobre a súa realidade educativa concreta, é dicir, descubrir cáles son ás súas necesidades reais en relación ós medios informáticos, qué é o que lles piden, qué función van cubrir, qué funcións metodolóxicas van introducir... O ordenador non é máis ca un recurso; e como tal é preciso atopar-las súas posibilidades educativas. É necesario usar coidadosamente os ordenadores, e precede-lo seu uso por unha análise persoal, reflexión e razoamento cualitativo. O ordenador será sempre unha ferramenta máis na clase nas mans de mestres e alumnos que facilitará a mellora da aprendizaxe da lingua, xa que afecta ó propio concepto de coñecemento, modifica o currículo e a metodoloxía de ensino.

BIBLIOGRAFÍA

- ALVAR, M. (1984): *Informática y lingüística*. Málaga. Ágora.
- BARTOLOMÉ, A. R. (1995): "Los ordenadores en la enseñanza están cambiando". *Aula de Innovación Educativa*. 40-41, 5-9.
- BUTTON, G.; COULTER, J.; LEE, J. e SHARROCK, W. (1995): *Computers, Minds and Conduct*. Cambridge. Polity Press.
- CABERO, J. e MARTÍNEZ, F. (1995): *Nuevos canales de comunicación en la enseñanza*. Madrid. Centro de Estudios Ramón Areces, S.A.
- CAMPOS, F. e JIMÉNEZ, M^a. C. (1995): "El empleo del ordenador como apoyo para el aprendizaje en el aula". En A.I.D.I.P.E. (comp.): *Estudios de Investigación Educativa en Intervención Psicopedagógica*. Valencia. A.I.D.I.P.E.
- CAMPOS ROSELLÓ, F. e MANCEBO i ALEMANY, F. J. (1995): "Métodos educativos y enseñanza asistida por ordenador (E.A.O.)". En A.I.D.I.P.E. (comp.) *Estudios de Investigación Educativa en Intervención Psicopedagógica*. Valencia. A.I.D.I.P.E.
- CARBALLAR, J. (1993): *Los servicios de telecomunicaciones*. Madrid. RA-MA.
- FRAGUELA DO CANTO, J. F. (1989): "A informática e a lingua galegoportuguesa". *Nós: Revista Internacional Galaicopotuguesa de cultura*. 13-18, 415-420.
- GAYESKI, D. M. (1992): "Making Sense of Multimedia: Introduction to Special Issue". *Educational Technology*. 32, 5, 9-13.

- MARTÍ, E. (1992): *Aprender con ordenadores en la escuela*. Barcelona. ICE/Horsori.
- MEDINA RIVILLA, A. e DOMÍNGUEZ, C. (1991): *El empleo del ordenador en la enseñanza*. Madrid. Cincel.
- PARK, O. (1991): “Hypermedia: Functional Features and Research Issues”. *Educational Technology*. 31, 8, 24-31.
- PÉREZ CASTRO, L. C. (1992): *Informática y filología*. Madrid. Ediciones Clásicas.
- VAQUERO, A. e FERNÁNDEZ CHAMIZO, C. (1987): *La informática aplicada a la enseñanza*. Madrid. EUDEMA.